



## **NORMAS PARA OS LUMIÑOS OU CACHARELAS DE SAN XOÁN**

**1.- Non está permitido facer as laradas en PRAIAS, VÍAS PÚBLICAS, XARDÍNS OU PARQUES PÚBLICOS, en terreos forestais ou nas proximidades de masas arbóreas.**

**2.- As laradas ou cacharelas situaranse en lugares seguros, de tal xeito, que non exista perigo de propagación accidental ás vivendas, instalacións ou terreos próximos. Deberán ter en conta a existencia de cableado, tendidos eléctricos, etc. Arredor da cacharela deixarase unha franxa duns 5 metros libre de calquera elemento combustible.**

**3.- Deberán situarse en zonas afastadas de masas arbóreas alomenos 50 mts. Os responsables deben asegurarse de contar con medios de extinción mínimos pero suficientes para o seu uso inmediato en caso de ser necesario.**

**4.- Non se permite a utilización de líquidos inflamables nin queimar produtos contaminantes (plásticos, pinturas, gomas, ...). Tampouco se poderán queimar residuos ou restos domésticos, forestais ou agrícolas.**

**5.- As laradas deben estar baixo vixilancia en todo momento, os responsables deben asegurarse de que o lume queda completamente apagado.**

**6.- O número de asistentes non superará o que determine a normativa sanitaria de aplicación no momento da celebración da festa.**

**As autorizacións outorgadas non eximirán en ningún caso das responsabilidades por danos e prexuízos a que houber lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.**

**7.- Non se poderá aproveitar para queimar residuos ou restos domésticos, forestais ou agrícolas, xa que é motivo de denuncia. (En caso de non estar suspendidos os permisos, deberase pedir unha comunicación ou autorización, para restos agrícolas e forestais).**

**8. Non se poderá abandonar a larada ata estar seguros de que o lume quedou completamente apagado, debendo retirar todos os restos que queden unha vez rematado o evento.**

**9.- As autorizacións outorgadas non eximirán, en ningún caso, das responsabilidades por danos e prexuízos a que houber lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.**

**10.- As Cacharelas poderán ser revisadas polos servizos municipais para ver se cumpren a normativa esixida.**